

## ACHÉGATE

Alí onde vexas a furgoteca podes achegarte a ela, independentemente do concello no que vivas. As túas inquedanzas e dúbidas sobre lecturas, libros, revistas, xogos, audiovisuais ou accesos dixitais serán atendidas no momento.

Lembra que unha vez que sexas usuario/a da biblioteca móbil tamén o serás de todas as bibliotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia.

## ONDE ATOPARNOS

A Biblioteca móbil de Galicia presta os seus servizos nas provincias de Lugo e Ourense.

- **En Lugo:** Baleira, Cervantes, Folgoso do Courel, O Incio, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, Samos e Triacastela.
- **En Ourense Sur:** Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Castrelo do Val, Cualedro, A Gudiña, Laza, Oímbra, Trasmiras e Vilardevós.
- **En Ourense Occidental:** Lobeira, Muíños, Padrenda, Porqueira, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Ramirás, Sandiás, Sarreaus e Vereas.

## INFORMACIÓN

A furgoteca está tamén na rede. Atoparás todos os detalles de servizos, actividades, indicacións horarias, novidades e avisos aquí:

- [bibliotecas.xunta.gal/furgoteca](http://bibliotecas.xunta.gal/furgoteca)

### Contacto Ourense Sur:

- 644 169 214
- [afurgotecasur.ourense@xunta.gal](mailto:afurgotecasur.ourense@xunta.gal)

### Contacto Ourense occidental:

- 629 757 961
- [afurgotecaoccidental.ourense@xunta.gal](mailto:afurgotecaoccidental.ourense@xunta.gal)

### Contacto Lugo:

- 621 308 856
- [afurgotecalugo@xunta.gal](mailto:afurgotecalugo@xunta.gal)

# A furgoteca!!!

BIBLIOTECAS MÓBILES DE GALICIA

## Tráeches libros frescos cada pouco tempo.



## DESCUBRE A FURGOTECA

### Que é a furgoteca?

É un servizo de biblioteca móbil que presta a Xunta de Galicia en colaboración cos concellos que non dispoñen deste equipamento cultural.

Permite chegar todos os servizos dunha biblioteca á veciñanza dos concellos das provincias de Lugo e Ourense nos que se está a implantar.

### Os servizos da furgoteca

Como calquera outro centro bibliotecario, chega materiais e servizos diversos:

- Préstamo de libros, revistas e outros materiais.
- Asesoramento e recomendacións de lectura.
- Xestión de carnés de usuario/a.
- Formación, acompañamento e resolución de dúbidas no eido dixital.
- Organización de actividades culturais: obradoiros, clubs de lectura, contacontos, certames e moitos máis.

### As rutas

A furgoteca achégase ao teu concello 2 veces ao mes, con 2 rutas. Os días, horarios e lugares de parada podes consultarlos ao persoal bibliotecario, nos lugares de información habituais do concello e na páxina web da furgoteca.

### A colección

Conta cunha colección ampla e variada de materiais que poderás coller en préstamo, que inclúe todos os xéneros literarios: novela, poesía, teatro, álbum

ilustrado; libros informativos e de consulta; banda deseñada e libros adaptados a persoas con diferentes necesidades lectoras.

Ademais, poderás atopar materiais audiovisuais, videoxogos, prensa diaria, revistas, e tamén dispositivos electrónicos como tabletas, consolas e lectores de libro electrónico, para facilitar o acceso aos contidos dixitais.



## A FURGOTECA POLO MIÚDO

### O carné de lector

Todas as persoas usuarias da furgoteca contarán co carné único da Rede de Bibliotecas de Galicia, que lles permite acceder aos servizos de préstamo de todas as bibliotecas de Galicia.

Ademais do préstamo a domicilio, a posesión do carné dá acceso á biblioteca dixital de préstamo GaliciaLe ([www.galiciale.gal](http://www.galiciale.gal)), á conta persoal de usuario/a onde cada persoa pode suxerir compras ou facer comentarios.

- **Onde solicitalo:** na furgoteca de xeito presencial, en calquera biblioteca pública, ou a través da páxina web da Rede de Bibliotecas de Galicia ([www.rbgalicia.xunta.gal](http://www.rbgalicia.xunta.gal)).
- **Documentación necesaria:** para a solicitude presencial unicamente se necesita o DNI, TIE ou pasaporte da persoa titular. No caso de persoas menores de 14 anos, requírese o DNI, TIE ou pasaporte dunha persoa adulta responsable do/da menor (pai, nai, titor/a legal).

### O servizo de préstamo

O servizo de préstamo ofrece a posibilidade de ler ou consultar durante un tempo determinado e de forma gratuíta todos os materiais da biblioteca. Pódense facer préstamos persoais a domicilio, pero tamén a colectivos e a entidades.

Tamén existe a posibilidade de realizar préstamos de libros, revistas e películas en formato electrónico a través da plataforma GaliciaLe ([www.galiciale.gal](http://www.galiciale.gal)).

### Servizo de acceso dixital

A furgoteca conta con acceso á internet e a ferramentas ofimáticas. Nela poderás obter asesoramento e axuda para buscar información pola internet, realizar trámites ou utilizar os dispositivos electrónicos.